



CONVENIO REGULADOR DE SUBVENCIÓN PREVISTA NOMINATIVAMENTE NO ORZAMENTO DO CONCELLO DE CALDAS DE REIS, A FAVOR DA AREVA (ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCÍA) - G36484616 – EJERCICIO 2017

En CALDAS DE REIS, a (datado dixitalmente)

REÚNENSE:

Dunha parte o Alcalde-Presidente do Ilmo. Concello de CALDAS DE REIS, D. Juan Manuel Rey Rey, en virtude do seu cargo e en uso das facultades que lle veñen conferidas pola normativa vixente.

Da outra Don **NEMESIO PORTAS MELLA con DNI 35429991D**, como representante autorizado da **AREVA (ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCÍA) - G36484616** e con domicilio, a efectos de notificacións na Avda. López Ballesteros 1º piso Vilagarcía de Arousa.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente a capacidade necesaria para outorgar este convenio, na súa virtude

EXPOÑEN:

I.- No anexo de subvencións do Orzamento vixente do Concello de Caldas de Reis (2017), figura prevista unha subvención nominativa a favor da entidade **AREVA (ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCÍA) - G36484616** por importe de **500,00 euros** (aplicación 2310/48300)

III.- A concesión desta subvención se encadra no establecido no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Caldas de Reis, aprobadas polo Pleno da Corporación, en sesión de data 23 de xuño de 2005.

Por canto antecede, ambas partes

ESTIPULAN:

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio e a regulación dunha subvención, prevista nominativamente no Orzamento xeral do Concello a favor da **AREVA (ALCOHOLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCÍA) - G36484616**, co obxecto de colaborar no financiamento das actuacións e funcionamento da referida entidade, e particularmente no que atinxe ao desenvolvemento no Concello de Caldas de Reis, das actividades de rehabilitación e prevención do alcoholismo.



Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



SEGUNDA.- FINANCIAMENTO DA ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

O importe da subvención do Concello elévase a **500,00 euros**. Esta cantidade librarase con cargo á partida orzamentaria **231.0 483.00** do orzamento municipal.

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións ou entes públicos ou privados, non obstante en ningún caso o importe dos fondos recibidos poderán superar o custe da actividade ou proxecto subvencionado.

TERCEIRA.- ACTUACIÓN SUBVENCIONADA E PRAZO DE REALIZACIÓN

Subvenciónanse os gastos de carácter corrente necesarios para o desenvolvemento de actividades de distribución de alimentos e outros produtos de primeira necesidade ás persoas necesitadas deste Concello e dos seus familiares, levadas a cabo por esta entidade desde o **1 de xaneiro de 2017** e ata a data límite de xustificación prevista na cláusula sétima deste Convenio.

CUARTA.- OBRIGAS DO BENEFICIARIO

Constitúen obrigas do beneficiario, debendo acreditar o seu cumprimento:

- a) *Non estares incurso en prohibicións para a obtención da condición de beneficiario* do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ca Facenda estatal, autonómica e local e fronte a Seguridade Social.
- c) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto ou realizar a actividade subvencionada, e acreditarlo conforme o establecido na cláusula sétima deste convenio.
- d) Comunicar ao órgano concedente a obtención de outras subvencións ou axudas finalistas que financien as mesmas actividades subvencionadas.
- e) Someterse as actuacións de comprobación e seguimento da actividade e de control financeiro que puideran realizar os distintos servizos do Concello.
- f) Difundir o carácter público do financiamento da actividade en calquera material impreso, carteis, medios electrónicos ou audiovisuais referentes á actividade subvencionada.



QUINTA.- FORMA DE PAGAMENTO

O pagamento farase efectivo no prazo dun mes desde a presentación da conta xustificativa comprensiva da documentación referida na cláusula sétima do presente Convenio.

SEXTA.- ÓRGANO XESTOR

Ten a condición de órgano xestor de esta subvención os servizos económicos do Concello de Caldas de Reis.

Todo trámite relacionado con esta subvención se sustentará a través do mencionado órgano xestor.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

O investimento do importe da axuda concedida deberá xustificarse pola Entidade Beneficiaria,

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393



CALDAS DE REIS

ata o 10 de **DECEMBRO** de 2017, mediante presentación da conta xustificativa da axuda que comprenderá a seguinte documentación:

- 1.- Memoria xustificativa subscrita polo beneficiario ou seu representante indicativa das actividades desenvolvidas, do cumprimento das condicións impostas e dos resultados obtidos.
- 2.- Relación subscrita polos beneficiario ou seu representante expresiva da totalidade dos gastos e investimentos derivados da actividade, debidamente desglosados e detallados, xunto coa relación desagregada dos ingresos que financian a actividade, onde se deberá indicar o seu importe, procedencia e aplicación.
- 3.- Documentación acreditativa da difusión do cofinanciamento municipal da actividade (carteis, notas de prensa,...).
- 4.- Facturas (con todos os requisitos esixidos polo RD 1619/2012) ou documento probatorios equivalentes con validez.
As facturas ou xustificantes de gasto deberán ser orixinais por importe igual ou superior a da subvención outorgada.
As copias dos xustificantes ou gastos só serán admisibles cando foran debidamente cortexadas polo funcionario adscrito ao departamento xestor da subvención, previo exame e selado da orixinal para facer constar á aplicación do xustificante á subvención outorgada polo Concello.
- 5.- Declaración subscrita polo beneficiario ou seu representante relativa a inexistencia de outras subvencións ou axudas que fosen obtidas para a mesma finalidade ou, no seu caso, mención expresa de outros ingresos ou axudas que financiaran a actividade, con indicación do importe e procedencia.
- 6.- Certificados vixentes de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e Seguridade Social.

OITAVA.- REINTEGRO

Procederá o reintegro da subvención conforme ao disposto no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro , Xeral de Subvencións.

NOVENA.- DURACIÓN DO CONVENIO

O presente convenio, entrarán e vigor o día seguinte o da súa sinatura e surtirá efectos ata a realización total da actividade subvencionada e xustificada o seu financiamento.

O anterior é sen prexuízo dos procedementos de reintegro ou sancionadores a que puidera haber lugar, e das obrigas que como contandante incorra o beneficiario, así como do deber de conservación da documentación que lle impón a vixente lexislación.

DÉCIMA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento e control do cumprimento do presente convenio poderá constituírse unha comisión integrada por un representante de cada unha das partes asinantes, nomeados polo Alcalde do concello e polo Presidente/a da Asociación.

A Asociación beneficiaria, estará obrigada a facilitar toda a información, no suposto de que lle sexa requirida pola Intervención Municipal no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das cantidades libradas, de conformidade cos termos regulados na Lei 38/2003 e demais normativa aplicable.

Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións do presente convenio ou requirimentos de xustificación que poda facer a Intervención ou o órgano municipal competente.

Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393





CALDAS DE REIS

UNDÉCIMA. CONTROL

Son causas de resolución do presente convenio:

- A denuncia de calquera das partes
- O incumprimento total ou parcial das obrigas estipuladas por parte de calquera dos asinantes.

DUODÉCIMA.- NATUREZA DO CONVENIO E LEXISLACION APLICABLE

Este convenio ten natureza xurídico-administrativa.

No non previsto neste convenio será de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, así como na Ordenanza, Xeral de Subvencións do Concello de Caldas de Reis, aprobadas polo Pleno da Corporación, en sesión de data 23 de xuño de 2005, e resto da lexislación de Réxime Local reguladora das subvencións públicas e de procedemento administrativo.

A xurisdicción contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia da aplicación do presente convenio.

DISPOSICION ADICIONAL

A ASOCIACIÓN ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA (AREVA) declara non estar incurso en ningunha das prohibicións para obtención da condición de beneficiario, que recolle o artigo 13 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións.

A ASOCIACIÓN ALCOHÓLICOS REHABILITADOS DE VILAGARCÍA DE AROUSA (AREVA) declara estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social, e autoriza ao Concello de Caldas de Reis para solicitar perante ditas Administracións os referidos certificados, a efectos da súa incorporación ao expediente de subvención. O certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Facenda Local incorporárase ao expediente de oficio pola Tesourería municipal.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as súas estipulacións. E, en proba de conformidade, asinan por triplicado, no lugar e data arriba indicados.

E en proba de conformidade, asínase o presente convenio por triplicado exemplar, no lugar e data indicado no encabezamento. **O Alcalde O Representante da fundación"**

O Alcalde-Presidente

Documento datado e asinado dixitalmente



Concello de Caldas de Reis

C/ Ferrería, 1, Caldas de Reis. 36650 Pontevedra. Tfno. 986540002. Fax: 986530393